

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Lois Tobío Fernández, a Xosé Neira Vilas do 27/09/1982**

**Colección:**

**Data:** 27/09/1982

**De:**

Lois Tobío Fernández;

**Para:**

Xosé Neira Vilas;

**Orixe:**

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

**Destino:**

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada, sen asinar e sen membrete].

**Notas do editor:**

Carta de 2 páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcrición da epistola de Lois Tobío Fernández, a Xosé Neira Vilas do 27/09/1982**

27 setembro 1982

Sr. D. Xosé Neira Vilas  
A Habana

Meu querido amigo:

Respondo con moita demora a súa carta por ter estado fora de Madrid todo o vran. Non é moito o que lle podo dicir verbo do que me pregunta. Non lembro cando escoitei por ves primeira o noso himno mais debeu ser nalgunha xuntanza da xente das Irmandades da Fala en Santiago, alò polo ano 1920. Asistín coma cativo curioso a algunha delas, sei que no Teatro Principal e foi entón cando sentín o primeiro aguilloamento galeguista.

A letra, sí, concina denantes, pois vira nun número do Boletín da Academia galega que recibía o meu pai, e mesmo dependín un bon anaco dela. Gostoume.

O himno estaba prohibido cantalo en público nos tempos da dictadura de Primo. Cantábamolo en privado nas pequenas xuntanzas de galeguistas. Cando se cantou en público e masivamente por ves primeira foi na manifestación que se fixo en Santiago con estudantes e obreiros principalmente ao se proclama-la República. Alternaba co de Riego que algúns xulgaban máis a xeito por ter un ritmo menos demorado, máis propio dunha manifestación exultante coma aquela.

O que sí podo dicir é que o noso Himno sempre se cantou coma atal e non coma unha canción máis ou menos patriótica: con gravidade e unción cáseque relixiosos.

Como ve non é moito o que lle podo dicir.

Aproveito a ocasión pra agradecerlle o moito e bon que anda a facer pola nosa cultura. Os días en que nos vimos están moi vívidos en min. Aínda uso a cotío un exemplar do Dicionario de Carré que leva este cuño: "Follas Novas". feira do libro galego. Asunción 3035. Buenos Aires.

Unha estreita aperta.

[sen asinar]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.